



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 878 Semana do 1 ao 7 de novembro de 2021

A RECUPERACIÓN SÓ SERÁ SÓLIDA SE SE ACABA COA PRECARIIDADE DO EMPREGO

En Galicia tan só 9 de cada 100 contratos que se asinan son indefinidos

Redacción.- UGT-Galicia considera que, á vista dos datos facilitados este mércores referidos ó paro do mes de outubro, a situación económica e social do noso país presenta aínda unha ampla marxe de mellora.

O feito de que o emprego siga sendo xeralmente precario recalca a necesidade de acometer as transformacións necesarias para dar paso a un modelo laboral máis xusto e equilibrado, que sitúa a xeración de emprego de calidade como un dos principais motores para lograr un crecemento sostido a longo prazo. Só lograremos unha recuperación sólida e sostible se introducimos cambios que acaben coa incerteza e precariedade radical que arrasa ao conxunto de traballadores e traballadoras.

Derrogar a reforma laboral, restablecer a prevalencia do convenio de sector sobre o de empresa e impulsar una reforma das políticas activas de emprego para que sexan máis eficaces e faciliten a reinserción dos desempregados

Para iso, é absolutamente imprescindible que o Goberno cumpra canto antes o seu compromiso de derrogar a reforma laboral de 2012, que foi imposta, unilateralmente, e non só non serviu para crear emprego, senón que ademais é a responsable de que este sexa máis inestable, inseguro e peor remunerado. Necesitamos dar paso a un novo marco de relacións laborais que reverta o abuso da temporalidade e a imparcialidade involuntaria, á vez que recupere un marco de negociación colectiva máis equilibrado. Neste sentido, resulta esencial restablecer a prevalencia dos convenios sectoriais sobre os de empresa e a prórroga da cobertura esencial dos convenios ao termo da súa vixencia, isto é, recuperar a ultraactividade dos mesmos. Que ninguén busque excusas en Europa para non realizar estes cambios. Deixar atrás a pobreza e precariedade crónica, que

promove o noso mercado laboral, debe ser unha máxima ineludible.

Pola súa banda, para dar resposta á delicada situación na que viven as persoas desempregadas no noso país e, especialmente, os parados e paradas de longa duración, é necesario tamén acometer unha reforma profunda do noso sistema de Políticas Activas de Emprego, tendo en conta que o actual funciona de forma deficiente e non sitúa no centro as necesidades e posibilidades de cada desempregado e desempregada. Igualmente, debe ser prioritario revertir os recortes sufridos polos Servizos Públicos de Emprego, dotándoos dos recursos humanos e materiais necesarios para que poidan desempeñar un labor eficaz neste ámbito.

UGT-Galicia considera que o incremento en materia de emprego nos Orzamentos da Xunta é cativo para a conxuntura actual de recuperación. A Xunta debería ter realizado un maior esforzo con fondos propios

En relación ós Orzamentos presentados pola Xunta, UGT-Galicia, aínda recoñecendo que si terán un carácter expansivo, segundo os primeiros datos que se foron achegando, insiste en que os fondos da Consellería de Emprego amosan un incremento que, para UGT, na conxuntura actual de recuperación amósase cativo. A Xunta debería ter realizado un maior esforzo con fondos propios, á marxe dos que poidan vir do Goberno central ou de Europa, destinados a emprego. Xa que o emprego será unha das claves da recuperación, sen dúbida.



Concretando os datos facilitados esta semana polo Ministerio de Traballo e Economía Social e polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, estes reflecten, en canto ós ERTE, que en Galicia houbo en outubro de 2021 un total de 8.698 persoas traballadoras de media nesta situación e o dato a final de mes foi de 8.431. Deste total, 3.796 son homes e 4.635 mulleres. De novo, as máis prexudicadas tamén por esta crise.

En Galicia, no mes de outubro, dáse un aumento do desemprego do 0,65%, 991 persoas máis no paro, quedando así as cifras totais en 154.045 persoas en situación de desemprego. Evolución contraria ó resto do Estado onde o paro baixa no mes nun 0,02%.

En relación ó mesmo mes do ano anterior, a caída é en Galicia do 15%, igual que no Estado. Non obstante, hai que ser cautos coa valoración deste dato, xa que se fai unha comparativa con situacións epidemiolóxicas totalmente diferentes. Hoxe, grazas ó alto nivel de vacinación, a situación sanitaria é moito mellor, o que repercute, evidentemente, nunha mellor situación socio-laboral tamén.

Por idades, hai 6.666 mozos e mozas no paro, medrando acusadamente, un 8,74%, nada que ver co conxunto de

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

idades. No ano a baixada tamén é máis forte, do 32%. Outubro é un mes no que xa rematou a temporada estival marcada polas contratacións temporais dos máis mozos. O que evidencia a súa temporalidade e falta de estabilidade no mercado laboral.

Por sexos, no mes o paro cae no caso das mulleres, o 0,32%, e sube no caso dos homes, un 2.05%. Pola contra, no ano, son os homes os máis beneficiados, cunha baixada do 17,4%, fronte ó 11,3% das mulleres. As mulleres representan o 58,7% do total do desemprego en Galicia, 90.388 mulleres nesta

situación e 63.657 homes.

Aumenta o paro dun xeito considerable no sector primario e no colectivo de sen emprego anterior. Pola contra, baixa na industria, o 0,14%, e na construción, o 0,69%. No ano a contracción dáse en todos os sectores.

Territorialmente, o paro medra en Pontevedra, un 2,21%; mantense na Coruña; e contráese en Ourense, un 0,19%, en en Lugo, un 1,81%. No ano a contracción é evidente en todas.

Os datos de outubro evidencian que se realizaron 89.209 contratos, tan só o 8,87% de carácter indefinido. A contratación temporal segue a ser moi ele-

vada, 81.296 contratos do total de 89.209.

A taxa de cobertura por desemprego é do 59,9%, dato de setembro, o último dispoñible. Así, hai en Galicia 84.491 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego, 37.555 de prestacións contributivas, o 44,4%, e o resto asistencial. Esta dependencia das prestacións asistencias fai que as retribucións sexan máis baixas.

A afiliación media á Seguridade Social en Galicia foi de 1.032.651, caendo o 0,15%, mentres que no Estado medra nun 0,82%. Interanualmente, a afiliación medra nun 2.04%.

FEPMC PRESENTA UNHA INNOVADORA GUÍA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO SECTOR DE TELEMARKETING

Redacción.- A Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo de UGT Galicia, co financiamento da Xunta de Galicia, dentro das axudas destinadas ás accións de fomento da prevención de riscos laborais, acaba de elaborar unha guía de prevención de riscos laborais en persoas altamente sensibles no sector de telemarketing.

A guía foi presentada este venres mediante unha xornada divulgativa e de intercambio na que participaron, con carácter limitado pola crise sanitaria, preto de corenta persoas traballadoras do sector.

O acto de inauguración foi levado a cabo polo secretario xeral de FePMC-UGT-Galicia, Eladio Romero, quen mostrou o seu compromiso coa prevención de riscos e destacou e puxo en valor todas as accións que neste campo levará a cabo pola federación en Galicia, así como en colaboración coa Federación Estatal no resto do Estado.

O contido principal xira ao redor dos riscos no medio ambiente de traballo e os riscos psicosociais, introducindo a figura da persoa traballadora altamente sensible.

A actuación conxunta dos riscos e as sinerxias existentes provocan que as persoas traballadoras do sector e, máis profundamente as que teñen este trazo da especial sensibilidade, sufran con especial relevancia os golpes á saúde provenientes dun sector fortemente afectado polo absentismo vinculado a problemas de índole psicosocial, debido sobre todo á infinita lista de riscos que padecen, os cales non queren ser atallados pola patronal do sector, non mostrando o mesmo empeño cos riscos que coa produtividade esixida..

Así mesmo, realizouse unha difusión da guía co envío de formato físico ás principais empresas do sector e persoas traballadoras, sobre todo con responsabili-



dade en prevención de riscos laborais e representación colectiva. Tamén viñéronse desenvolvendo encontros con grupos de persoas traballadoras de empresas do sector nos cales se ofreceu unha explicación do contido.

A implicación de UGT e este proxecto permiten que a difusión da guía nunca termine e poñámola de referente para mellorar a calidade dos centros de traballo do sector de "call center", centrándose sobre todo na saúde mental.

Os traballadores de Adif e Renfe reclaman a restitución do persoal e a recuperación dos servizos

Redacción.- Os comités de empresa de Adif e Renfe en Galicia esixen a cobertura de todos os postos de traballo para poñer a andar todos os servizos, previos á pandemia, coas garantías de calidade necesarias. Nunha mobilización o pasado venres na estación de tren da Coruña denunciaron que a situación en Galicia é lamentable. A falta de persoal leva á supresión de moitos servizos. Coa excusa da pandemia, Renfe aproveitou para impoñer

un novo recorte. Estanse a suprimir trens directos e fomentando traxectos con varios trasbordos e os cambios nos sistemas de venda supoñen o encarecemento dalgúns billetes. Esta falta de persoal afecta tamén ós colectivos de mantemento e fabricación e de administración e xestión.

Nas últimas tres décadas os cadros de persoal en Galicia pasaron de 9.000 a 2.000 empregos.



FESMC REXEITA O MODELO DE TELETRABALLO IMPOSTO NO SECTOR DE OFICINAS E SEGUROS

Redacción.- FeSMC-UGT denuncia a debilidade e indefensión que teñen os traballadores e traballadoras ante o teletraballo e ante ese “contrato individual voluntario” que marca a lexislación ó respecto.

Como exemplo ilustrativo disto está a situación que se está xerando no sector do Contact Center. Como consecuencia do cambio de proveedor do servizo de atención ó cliente de Movistar (1004-1002), as empresas Atento e Extel van manter o emprego a gran parte do cadro de persoal, provenientes do anterior proveedor de dito servizo telefónico.

Pero, grazas á trampa legal existente na lexislación española de teletraballo,

Atento pretende contratar unicamente para desenvolver a xornada laboral en modalidade de teletraballo.

Por desgraza, xa se entende ese tipo de “voluntariedade” e “acordo” entre empresas e persoas traballadoras. Ningunha: ou teletraballas nas condicións que se impoñen, ou non tes traballo.

Na outra cara da moeda está Unisono, que ten a desfachatez de comunicar por escrito á representación legal dos traballadores que, non soamente non vai aboar os gastos xerados, senón que considera que a persoa teletraballadora non ten ningún gasto que repercutir, porque xa se aforran bastante evi-



tando o “desgaste da roupa” e de “gastos de transporte”.

Resulta evidente que esta regulación do teletraballo é máis que insuficiente e escorada cara ó empresario.

OS TRABALLADORES DE VESTAS CONTINUÁN LOITANDO POLOS 115 POSTOS DE TRABALLO DA FACTORÍA DE CHAVÍN

Redacción.- O presidente do Comité de empresa de Vestas, en Chavín, David Mariño (UGT) deixa ben claro que os traballadores non se renden e continuarán loitando pola continuidade dos 115 postos de traballo na Mariña.

Polo de agora, explicou, as mobilizacións quedan circunscritas á comarca e, como moito, a Santiago, pero os traballadores non descartan, levalas moito máis aló, incluso á sede de Vestas en Madrid.

O Comité insistiu en pedir un prazo razoable para encontrar un comprador pero a em-

presa negou esta opción na reunión do xoves, polo que hoxe remata o período de consultas do ERE. Despois desta decisión, quedou convocada a mesa industrial para hoxe pola mañá para intentar buscar unha saída.

Mariño tamén aclara que a última proposta que está enriba da mesa, que a factoría de Chavín se converta nun centro de formación e servizos só con acollida para 24 traballadores, non é aceptable, demandan unha saída para os 115 traballadores.



Esta semana as mobilizacións continuaron con varios cortes de estradas e este xoves cunha concentración ás portas do hotel onde se produciu a xuntanza coa empresa. Un novo calendario de mobilizacións está enriba da mesa.

CONCENTRACIÓN FRONTE Ó CONGRESO PARA ESIXIR A APROBACIÓN DO FONDO DE INDEMNIZACIÓN DAS VÍTIMAS DO AMIANTO

Redacción.- A proposición de Lei de creación dun fondo de compensación das vítimas do amianto, presentada polo Parlamento vasco, foi admitida a trámite por unha ampla maioría do Pleno do Congreso dos Deputados o pasado 13 de abril, pasando á Comisión Parlamentaria de Traballo, Inclusión, Seguridade Social e Migracións. Desde ese momento viu como se foron aprobando na Comisión sucesivos períodos de ampliación do período de presentación de emendas, o que de facto supón un bloqueo na súa tramitación. Este feito xa se produciu na XII lexislatura, na que se presentou esta mesma proposición de lei e cuxo atraso na súa tramitación xa tivo consecuencias negativas, xa que o adianto de eleccións xerais ao principio de 2019 impediu a súa aprobación, a pesar de

alcanzarse un consenso entre os grupos parlamentarios sobre o seu texto definitivo.

Representantes de FEDAVICA, UGT e CCOO reuníronse o mércores cos grupos parlamentarios de PSOE e Unidas Podemos para trasladarlles a preocupación que nos xera a actual repetición do atraso no inicio da discusión da proposición de lei na comisión parlamentaria, unida á constatación de que o Goberno non previu unha partida específica no proxecto de Orzamentos Xerais de 2022 para financiar o fondo de compensación das vítimas do amianto.

Os representantes das asociacións de vítimas do amianto e dos sindicatos esixiron aos grupos parlamentarios dos partidos

que sosteñen o Goberno de España a tramitación da proposición de Lei o máis axiña posible, así como a presentación e aprobación dalgunha emenda ao proxecto de Orzamentos Xerais que asegure xa para 2022 a dispoñibilidade dunha partida que garanta o financiamento das indemnizacións ás vítimas do amianto. A aprobación dunha emenda destas características sería unha proba tanxible da vontade do Goberno de España de aprobar definitivamente o fondo de compensación. O prazo de presentación de emendas ao proxecto de orzamentos finaliza o venres 5 de novembro.

Ademais, para insistir nestas demandas, protagonizaron unha concentración o xoves fronte ó Congreso.

DERROGAR AS REFORMAS LABORAIS PARA TER UN MERCADO DE TRABALLO MÁIS EFICIENTE

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, reclama a derogación das reformas laborais “nuns casos pola normativa anterior e, noutros, por acordos entre os sindicatos e os empresarios”

Así o defendeu en diversas intervencións nos medios de comunicación, onde sinalou que “das reformas laborais que se fixeron non hai nada que manter. Hai que cambialo todo. Derrogar é, nuns casos, volver á anterior normativa, como pode suceder coa negociación colectiva, e noutros, cambiar a norma por un acordo entre as partes, como é o caso da contratación para acabar coa precariedade”.

Ademais, “queremos máis inspección de traballo. Necesítase máis xente para visitar as empresas nun país de pemes como o noso. Actualmente, a moitos empresarios sáelles máis barato contratar ilegalmente, e iso debe cambiar, obrigando a contratos indefinidos de dous anos como sanción cando se constate que hai empresas incumprindo a lei. Tamén queremos recuperar a ultractividade; e a lei anterior en canto á superioridade do convenio de sector sobre o convenio de empresa, recuperando dereitos en sectores clave como a hostalería ou a limpeza”.

Para Pepe Álvarez, é imprescindible que “se manteña a posición da semana pasada por parte do Goberno. A palabra derrogar ten unha gran forza e todo o sentido

despois de como se fixeron as anteriores reformas laborais, sen ningún tipo de consulta previa”.

Neste sentido, manifestou a “indiferenza” do sindicato a “quen estea sentado na mesa por parte do Executivo, nós manteremos as mesmas posicións que o mércores pasado. Desde os sindicatos queremos derrogar, e iso xa o sabe o Goberno. En poucos días veremos se hai algún cambio pola súa banda ou mantén a mesma liña de negociación. Habería que liquidar esta materia nas próximas semanas e pechar un acordo antes de que termine decembro”.

Os datos de paro son positivos, pero hai que acabar coa precariedade

Durante as súas entrevistas, o secretario xeral de UGT valorou os datos de paro do mes de outubro. “Son datos positivos, a pesar dos niveis de temporalidade. A recuperación do emprego vén como consecuencia da baixada da economía mergullada, que desapareceu durante a pandemia. O non crecemento da produtividade ten que ver co tipo de emprego que se crea, que é o do sector servizos, onde é máis difícil medir os niveis de produtividade. A saída da pandemia tennos que facer ver o vaso medio cheo. Un mes de outubro no que se crea emprego hai que

valoralo”.

A pesar diso, reclamou a necesidade de “poñemos a traballar para acabar coa temporalidade e para investir de maneira adecuada os 74.000 millóns de euros provenientes de Bruxelas en crear emprego de calidade”.

Hai que asegurar a viabilidade do sistema público de pensións

Preguntado pola proposta do Goberno de subir as cotizacións medio punto para garantir unhas pensións dignas aos xubilados do baby boom, Pepe Álvarez afirmou que “é unha proposta que o Goberno realizou na última mesa de negociación e que aínda non nos deu tempo de estudar con detenemento”. “Non me gusta moito que cando se sae dunha reunión fágase público de maneira inmediata o que se di na mesma”, considerou. “O Ministerio de Seguridade Social equivócase coas formas”.

Neste sentido, aínda que sinalou que o sindicato está a analizar o conxunto do documento, “unha primeira valoración podería ser positiva. Trátase de substituír o factor de sustentabilidade da reforma de 2013, que empobrecía as nosas pensións, por un verdadeiro acordo de solidariedade interxeracional, de tal forma que se engadan recursos á hucha da Seguridade Social para que sexa viable a medio e longo prazo”.

O CONSUMIDOR DEBE PAGAR O PREZO REAL DO QUE CUSTA PRODUCIR A ENERXÍA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores considera que as medidas contidas nos RDL 21/2021 e 23/2021 protexen aos consumidores vulnerables domésticos, melloran a transparencia e supervisión do mercado almacenista e comerciante polo miúdo de electricidade e do mercado comerciante polo miúdo de gas e favorecen a estabilidade e os prezos para os consumidores industriais, mantendo os contratos xa asinados e mesmo ampliándoos.

Con todo, o sindicato insiste en que é necesario ir máis aló porque as continuas e elevadas subidas dos prezos están a afectar a miles de familias, empresas e autónomos, especialmente a pemes, aos fogares máis vulnerables e ás industrias máis intensivas, que non poden asumir as facturas enerxéticas. Unha situación que pon en perigo a recuperación pos-pandemia, debido

á ameaza cada vez máis real do prezo da enerxía na inflación.

Por unha banda, UGT valora que o RDL 21/2021 prorrogue ata o 28 de febreiro de 2022 a prohibición de cortes de subministracións esenciais, pero sinala que esta medida debería estar garantida de forma indefinida e, en relación ao Bono Social Térmico, subliña que a cantidade é insuficiente - entre 35 e 124 euros anuais- e non permitirá aos fogares en situación de vulnerabilidade manter unha temperatura adecuada para a súa saúde.

Maior transparencia a produtores e comercializadores



Doutra banda, o RDL 23/2021 establece a obrigación dos produtores e comercializadores de electricidade e gas natural de informar á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) sobre a produción, consumo, venda de

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

enerxía, os instrumentos de contratación a prazo, compras, prezos, condicións relacionadas coa terminación de contratos, e os servizos adicionais que esixa a contratación.

Neste sentido, a CNMC publicará a información de forma transparente, adecuada e actualizada sobre os prezos co fin de poñela ao dispor de todos os consumidores a través da súa ferramenta web Comparador de Ofertas de Enerxía e os consumidores deberán ser avisados de forma transparente e comprensible de calquera intención de modificar as condicións do contrato, ser informados do seu dereito para rescindir o contrato sen custo algún cando reciban o aviso, e ser notificados sobre calquera revisión dos prezos con polo menos un mes de antelación, incluíndo unha comparativa dos prezos aplicados antes e despois da revisión.

Para UGT, o feito de introducir maior transparencia era necesario, xa que a

CNMC puxo diversas sancións nos últimos anos ás compañías eléctricas e de gas natural por abuso da súa posición no mercado eléctrico.

Solucións máis aló do ámbito temporal

O sindicato mantén que as compañías eléctricas e a Unión Europea teñen que achegar solucións e considera que existe marxe para adoptar outras medidas como:

- Modificar o sistema de tarifa horaria, que castiga normalmente ao consumidor, xa que se estreitou a diferenza entre a hora máis cara e a máis barata. Ademais, co cambio horario do próximo 31 de outubro encareceranse aínda máis as facturas porque a hora de luz natural gáñase no tramo máis barato e pérdese no máis caro, co que se consome máis enerxía, e a isto, únese o frío do inverno, que obriga a consumir máis luz e calefacción.

- Modificar a directiva de funcionamento

do mercado eléctrico, revisando o sistema do mercado almacenista.

- Mellorar as interconexións de materia prima, e planificar a subministración de gas.

- Acelerar o despregamento de fontes renovables.

- Mellorar a eficiencia enerxética.

- Aprobar unha Directiva europea de Salario Mínimo máis forte que garanta que o salario non se poida establecer por baixo do limiar de pobreza e aumente as taxas de negociación colectiva como a mellor maneira de obter salarios realmente xustos que combatan a pobreza enerxética.

En definitiva, é necesario adoptar medidas para que o consumidor doméstico e industrial pague a enerxía ao prezo real do que custa produci-la, e solucións que vaian máis aló do ámbito temporal a un problema estrutural como é a pobreza enerxética.

É IMPRESCINDIBLE IMPULSAR UNHA RECUPERACIÓN XUSTA, EQUITATIVA E EFICIENTE

Redacción.- O grupo L20, integrado por organizacións que representa os intereses das persoas traballadoras ante o G20 (entre as que se atopa a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadoras), chama aos gobernos para intensificar a acción coordinada para lograr unha recuperación e un crecemento equitativo con empregos de calidade, e a dar solucións tanxibles en cuestións climáticas, de dixitalización e o novo programa fiscal mundial.

Así o resolveu o grupo durante as súas reunións do 27 e 28 de outubro, previa á celebración do cume do G20 en Roma, onde reclamou tamén a necesidade de actuar de maneira seria e crible na xestión de datos e algoritmos para poñer fin á concentración dos mercados na economía dixital, que resulta prexudicial para os orzamentos públicos, as persoas consumidoras e traballadoras, así como para as empresas máis pequenas (que, no caso de España, representan o gran monto do tecido industrial do noso país).

Neste sentido, o G20 tamén ten que apostar de maneira indiscutible por un mellor financiamento do sector público e porque este sector estea dotado de persoal suficiente. Pídese tamén apoiar unha exención do acordo sobre os Aspectos dos Dereitos de Propiedade Intelectual relacionados co Comercio (coñecidos como ADPIC) para que se poida garantir o acceso

universal e a distribución equitativa de vacinas, tratamentos e probas mediante un maior apoio financeiro á iniciativa COVAX, recoñecer o SARS-COV-2 como un risco laboral e a COVID-19 como enfermidade profesional, protección social universal e un Fondo Mundial para a Protección Social.

A Covid agravou os problemas económicos e sociais a nivel mundial

Para o L20, a pandemia causada polo COVID-19 evidenciou aínda os problemas da economía mundial e os enormes defectos nos que se baseou esta desde que os dogmas liberais se estendesen e fixesen fortes como os únicos válidos, impulsando a desregulación, a privatización ou reformas laborais como a que o Partido Popular impuxo en España en 2012. Así pois, aos problemas existentes, a pandemia sumou aínda máis, paralizando a recuperación económica mundial. Apenas o 2% da poboación de moitos países en desenvolvemento está vacinada. Os países en desenvolvemento serán 12 billóns de dólares máis pobres de aquí a 2025; e, se se seguen sen fornecer as vacinas, perderanse



uns ingresos adicionais por valor de 1,5 billóns de dólares.

Desde o comezo da crise, o mundo perdeu o equivalente a 255 millóns de postos de traballo a tempo completo, e outros 130 millóns de empregos seguen perigando. Por todo iso, o L20 elaborou unha serie de recomendacións políticas para que o G20 se comprometa a impulsar unha recuperación xusta baseada no investimento no emprego: traballos respectuosos co medioambiente, transición xusta, vixilancia de dereitos nas cadeas mundiais de subministración e en todas as formas de traballo, así como igualdade na participación das mulleres e economías inclusivas.

“QUEREMOS SER OS PORTAVOCES DAS PERSOAS MOZAS DO NOSO PAÍS”

Redacción.- Pepe Álvarez participou na clausura da Asemblea de RUGE-UGT, a asociación xuvenil do sindicato, na que foi reelixido como portavoz, Eduardo Magaldi. Na clausura interveu tamén a vicepresidenta segunda e Ministra de Traballo, Yolanda Díaz.

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou que RUGE “é unha organización de mozos e mozas, non un departamento. Parécenos que a mellor maneira para que os mozos e mozas sexan protagonistas dentro do sindicato, é que teñan unha organización propia que poida resolver e trasladar ao conxunto de UGT todas as súas opinións”. Ademais, lembrou que a pesar de ser un proxecto que se está poñendo en marcha, vai cunha gran rapidez, e agradeceu o traballo que fixeron neste tempo, así como nesta asemblea.

Pepe Álvarez asegurou que, mediante RUGE, “queremos ser os portavoces das persoas mozas do noso país. Queremos ser unha organización sindical que poña encima da mesa aqueles grandes debates que afectan a todo o mundo e que, especialmente, afectarán máis a este colectivo”. O secretario xeral de UGT quixo facer fin-

capé na importancia de legislar sobre as plataformas dixitais e os algoritmos, porque “os mozos son os que máis van sufrir esta nova maneira de explotación. Estamos nun momento clave de acabar con esta situación, nalgúns casos de escravitude, pero nalgúns casos de desregulación e falta de perspectiva de futuro no mercado laboral”.

Álvarez lembrou que se trata dunha “negociación complexa” e afirmou que é necesario alcanzar un acordo que co paso do tempo permítanos avaliar de forma positiva o traballo realizado. “Canta máis estabilidade teñan os mozos e máis dereitos teñan, máis se poderán reivindicar os seus salarios e as súas condicións de traballo”, explicou.

Traballar para frear a precariedade

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, asegurou que “empezamos novembro coa perspectiva de poder dar boas noticias aos traballadores e traballadoras e, especialmente, ás mulleres e os mozos, que son quen máis padecen estas situacións de explotación”, e afirmou que, desde UGT, “non nos imos a poñer nerviosos porque

aparezan máis ou menos presións. Os cambios que hai encima da mesa son dunha gran profundidade, e iso fai que certos poderes tenten impedir que iso se poida levar adiante”.

En canto á necesidade de atallar o problema da temporalidade, Álvarez volveu a deixar claro que se debe traballar en dous aspectos clave, “en primeiro lugar, a inspección de traballo, temos que dotala con máis medios tanto humanos como técnicos. En segundo lugar, as sancións ás empresas que incumpren a norma. Quen a incumpre teñen que ter unha táboa de sancións que lles axude a tomar a decisión de non incumprir as leis. Se non facemos iso, calquera decisión que tomemos quedará moi ben sobre o papel, pero en seis meses non se poderá avaliar porque non veríamos se serviu para frear a precariedade”. Ademais, o secretario xeral de UGT afirmou que pese ao debate das últimas semanas “creo que vai haber acordo, e haberao con todas as partes sentadas na mesa”.

Durante esta asemblea o secretario xeral de UGT participou nun encontro onde deu resposta ás diferentes cuestións que lle expuñan os mozos do sindicato.

DERRUBAR AS BARREIRAS DA DESIGUALDADE REQUIRE DUN ESFORZO EN FORMACIÓN E FINANCIAMENTO

Redacción.- A vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, interveu no Diálogo sobre o Futuro da Igualdade de Xénero, organizado pola Oficina Nacional de Prospectiva e Estratexia do Goberno de España nunha mesa titulada “Como acabar coa desigualdade de xénero no mundo laboral?”.

Cristina Antoñanzas lembrou que “é necesario eliminar os estereotipos de xénero, lograr un aumento da participación das mulleres no mercado de traballo retribuído e resolver as trabas que supoñen a conciliación da vida privada e a vida profesional con políticas públicas efectivas e eficaces e que aborden o problema como un problema de toda a sociedade”.

Antoñanzas destacou que “tamén é moi importante educar en igualdade, lograr a participación das mulleres en todos os sectores da economía, eliminar a discriminación e a desigualdade tanto vertical como horizontal no emprego, lograr o equilibrio de xénero na toma de decisións e a participación igualitaria das mulleres nos postos de decisión, así como integrar transversalmente as políticas de xénero en todos os

ámbitos, pero para iso é necesario contar co financiamento necesario”.

A vicesecretaría xeral de UGT subliñou que “confía en que os avances legislativos logrados como son as melloras dos plans de igualdade e o desenvolvemento regulamentario dos mesmos sirvan como instrumentos eficaces da negociación colectiva para avanzar no logro de boa parte dos obxectivos”.

“Ademais”, engadiu, “estamos a realizar un gran esforzo na implantación de protocolos de acoso sexual e acoso por razón de sexo nas empresas a través da negociación colectiva, así como na formación dos nosos delegados e delegadas sindicais en materia de igualdade de xénero no ámbito laboral e na negociación colectiva, pero consideramos necesarias medidas concretas”.

“Cuestións como esixir o cumprimento dos plans de igualdade nos termos que obriga a lexislación, reforzar e garantir os



instrumentos de vixilancia, control e sanción da Autoridade Laboral para o cumprimento efectivo do principio de igualdade ou desigualdade, mediante o diálogo social, unha lei de igualdade salarial que contribúa a combater a brecha salarial eliminando a discriminación retributiva entre homes e mulleres”.

Cristina Antoñanzas resaltou que tamén é prioritario adoptar políticas con perspectiva de xénero en todos os ámbitos - especialmente en materia de coidados-, lograr a representación paritaria nos órganos de representación e decisión, impulsar unha reforma educativa baseada na coeducación que integre a educación na igualdade, estender as infraestruturas públicas e avanzar na eliminación das violencias machistas, así como ratificar o Convenio 189 da OIT sobre traballo digno das traballadoras do fogar e o Convenio 190 da OIT sobre a eliminación da violencia e o acoso no mundo do traballo”.